EXPEDIENTE 2026/G010/000010. PLENO SESIÓN ORDINARIA 15 DE SETEMBRO DE 2026.

ACTA Nº 2026/10

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro

Data: martes 15 de setembro de 2026

Hora de comezo: 21.00 horas

Hora de remate: 22.53 horas

PRESIDE:

JESÚS JOSÉ REBOREDO GONZÁLEZ (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUÁREZ MILLÁN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
JOSÉ LUÍS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión ordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

I PARTE RESOLUTORIA

1 EXPEDIENTE 2026/G010/000008. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 9 de xullo de 2026. Aprobación da acta da sesión.

2 EXPEDIENTE 2026/G010/000009. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria do 3 de agosto de 2026. Aprobación da acta da sesión.

3 EXPEDIENTE 2026/A008/000033. POS+ADICIONAL 2/2026. Aprobación da solicitude de participación.

4 EXPEDIENTE 2026/C006/000002. Proposta de adhesión ao sistema de adquisición centralizada da Deputación da Coruña.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

5 EXPEDIENTE 2026/E004/000001. Modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Touro. Contestación alegacións.

6 EXPEDIENTE 2026/T002/000018. Modificación de créditos segunda baixo a modalidade de suplemento de crédito. Proposta de aprobación.

7 EXPEDIENTE 2026/X999/000055. Reintegro cantidades en concepto de retribucións derivadas do exercicio do cargo de Alcalde do Concello de Touro. Proposta incoación expediente.

II PARTE DE CONTROL

8 EXPEDIENTE 2026/G006/000217. Decretos da Alcaldía ditados entre o 6 de xullo e o 9 de setembro de 2026.

9 Mocións

10 Rogos e preguntas.

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 EXPEDIENTE 2026/G010/000008. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN ORDINARIA DO 9 DE XULLO DE 2026. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

09.07.2026. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 9 de xullo de 2026.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen**.**

VOTACIÓN

A acta resultou aprobada pola unanimidade dos once concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, o concelleiro do PG, o concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito).

2 EXPEDIENTE 2026/G010/000009. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 3 DE AGOSTO DE 2026. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

03.08.2026. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión extraordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 3 de agosto de 2026.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen**.**

VOTACIÓN

A acta resultou aprobada pola unanimidade dos once concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, o concelleiro do PG, o concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito).

3 EXPEDIENTE 2026/A008/000033. POS+ADICIONAL 2/2026. APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.

Consta no expediente a seguinte proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de asuntos Xerais celebrada o 10 de setembro de 2026, que foi obxecto de exposición por parte do Sr. Alcalde, co seguinte tenor literal:

ANTECEDENTES

1. O 28/11/2025 o Pleno da Deputación da Coruña aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2026, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 231 do 2 de decembro de 2025.

2. O 29/04/2026 o Pleno da Deputación da Coruña aprobou consignouse unha achega provincial por importe de 65.000.000,00 € destinada ao financiamento do POS+Adicional 2/2026.

3. Circular sobre a elaboración do POS+ADICIONAL 2/2026.

CONCELLO: *Touro*						
Investimento IFS/Gasto Corrente			***Redución débeda/Gasto Corrente***			***TOTAL***
Reinvestimento: baixas economías anulacións	***Criterios POS***	***Total***	***Achega provincial + 10.000 € non aplicada nos Plans 2021-2025***			
IFS	*IFS/GC*		*Redución débeda*	*Gasto corrente*	*Total*	
21.224,39	*613.158,86*	*634.383,25*	*296.659,16*	*457.190,95*	*753.850,11*	*1.388.233,36*

De acordo co previsto nesta base, a través deste Plan Adicional 2/2026 realízase, en primeiro lugar, o "reinvestimento", nos concellos nos que se produciron, das baixas de licitación, anulacións de investimentos, economías de máis de 5.000,00 € e outras achegas provinciais non aplicadas polos concellos procedentes do POS+2021 ao POS+2024, que non foron previamente reinvestidas. Con

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

cargo a esta achega provincial unicamente poderán financiarse investimentos financeiramente sostibles, tanto os solicitados inicialmente no Plan Complementario como outros novos.

En segundo lugar, neste ano 2026 realizarase a aplicación das achegas provinciais asignadas aos concellos nos anos 2021 a 2025 que non foron aplicadas no Plan correspondente, ben por non presentar o concello a súa solicitude, ben por non presentala correctamente ou ben por deixar pendente de aplicar un importe superior a 10.000,00 €. O concello destinará esta achega á minoración da súa débeda con esta deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans provinciais 2015 a 2023 ata esgotala; e o importe da achega provincial restante, ou no suposto de non ter esta débeda, aplicarase ao financiamento dos seus gastos correntes por servizos municipais obrigatorios do exercicio 2026, para o que se lle solicitará no seu momento a correspondente previsión. Excepcionalmente, no suposto de que o concello acredite que non pode aplicalo nin á redución da débeda con esta deputación nin a gastos correntes, poderá destinarse ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles, previo acordo adoptado para este fin polo pleno do concello, sendo de aplicación o réxime previsto na base 5.A para os municipios de gran poboación.

En terceiro lugar, o resto da achega provincial distribúese entre os 93 concellos da provincia aplicando os criterios de reparto do POS que se detallan na base 4.1. Con cargo a esta achega provincial poderán financiarse investimentos financeiramente sostibles ou gasto corrente.

NOTA SOBRE OS INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES (IFS)

En relación cos investimentos financeiramente sostibles (IFS), aclárase que poderán sumarse para o seu financiamento as achegas provinciais asignadas aos concellos procedentes do "reinvestimento" e pola aplicación de "criterios de reparto do POS".

O concello pode ou ben confirmar os IFS previstos no Plan Complementario ao POS+2026 ou ben solicitar outros novos. Se o concello confirma investimentos financeiramente sostibles dos incluídos no Plan Complementario ao POS+2026 unicamente terá que presentar unha declaración de que os proxectos e demais documentos son os que o concello presentou no seu momento na convocatoria do POS+2026 Complementario. Sen embargo, se o concello inclúe novos investimentos, deberá presentar o correspondente proxecto ou prego e toda a documentación requirida nas bases.

TRAMITACIÓN DO POS+Adicional 2/2026

De acordo co previsto na base 13.4, a tramitación do POS+Adicional 2/2026 realizarase en dúas fases e o concello poderá participar nunha soa fase ou nas dúas, ata esgotar o importe asignado neste Plan:

***Na 1ª fase** unicamente poderán solicitarse os investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2026, cuxa documentación xa foi presentada no seu momento por ese concello e agora unicamente debe confirmarse a súa inclusión definitiva neste POS+Adicional 2/2026 presentando a documentación que se indica máis adiante. Por iso, o 1º prazo de presentación de documentación é curto, desde o 4 de maio ata o 19 de xuño de 2026 ás 15.00 horas.*

***Na 2ª fase** poderá solicitarse o financiamento de gasto corrente e de novos investimentos financeiramente sostibles. Tamén solicitarase a redución da débeda do concello con esta deputación cando corresponda. O prazo de presentación de documentación esténdese desde o 22 de xuño ata o 18 de setembro de 2026 ás 15.00 horas.*

4. O 11/05/2026 por Resolución de alcaldía núm. 165/2026 resolveu:

***PRIMEIRO.** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2026" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, confirmando a aplicación da achega provincial asignada para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+2026, tal e como se indica a continuación:*

*Investimentos financeiramente sostibles **xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2026***	*Financiamento dos investimentos*				
	Deputación	*Concello*			
		Achega municipal	*IVE soportado deducible*	*Total Concello*	*Orzamento total*
Renovación do alumeado público da	*123.100,45 €*		*0,00 €*	*0,00 €*	*123.100,45*

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Parrroquia de Loxo					
TOTAL	*123.100,45 €*		*0,00 €*	*0,00 €*	*123.100,45*

Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 2/2026	*634.383,25 €*
Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2026	*123.100,45 €*
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 2/2026	*511.282,80 €*

5. O 04/09/2026 achéganse ao Concello de Touro os proxectos técnicos das obras coas que o concello participará no plan.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

O POS+ 2026 configúrase como un plan provincial de investimentos locais, que elaborará a Deputación provincial tendo en conta os plans municipal que elabora o concello.

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local – LRBRL – e aos artigos 32 e 33 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, en relación co artigo 36.2 a) da LRBRL, establece que trátase dunha delegación de competencias municipais.

O artigo 27 da LRBRL, en relación co artigo 47.2 h) daquela, a competencia para aprobar as delegacións de competencias correspóndelle ao Pleno do Concello e que dita o acordo terá que adoptarse por maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2026" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2026, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2026 base ou POS+Adicional 3/2026	**592.054,68**

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2026:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2026	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total Concello	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS + 2026	**Financiamento dos investimentos**				
	Deputación	**Concello**			**Orzamento total**
		Achega municipal	**IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)**	**Total Concello**	
Pistas de Gordela de Turces cara O Forte (Beseño) e outros	220.020,01				220.020,01
Mellora da seguridade viaria nas Quintáns (Enquerentes) e outros	73.517,53				73.517,53
Mellora do camiño das Quintáns a Goleta (Fontes Rosas)	82.881,53				82.881,53
TOTAL	**376.419,07**				**376.419,07**

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026 e que se relacionan nesta táboa.

C) Redución da débeda do concello coa deputación pola utilización de préstamo provincial

Redución de débeda	**Deputación**
Achega provincial aplicada á redución da débeda do concello coa deputación pola utilización de préstamo provincial	**296.659,16**

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2026 2ª FASE	**Deputación**	**Concello**	**IVE soportado deducible**	**Total Concello**	**Orzamento Total**
Gastos correntes do 2026 distintos dos solicitados no Pla Base. (Só cando proceda)	592.054,68				592.054,68
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2026					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026	376.419,07				376.419,07
Redución da débeda do concello coa deputación pola utilización de préstamo provincial	296.659,16				296.659,16
TOTAL	**1.265.132,91**				**1.265.132, 91**

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

SEGUNDO. Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

TERCEIRO. Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade 2026, se a houbera.

CUARTO. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

QUINTO. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

SEXTO. Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SÉTIMO. *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

Tras a quenda de intervencións procedeuse á

VOTACIÓN

Procédese a votación da referida proposta de solicitude participación no POS+ ADICIONAL 2/2026, resultando aprobada pola maioría absoluta por sete votos a favor (5 concelleiros do PP, o Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito) e catro abstencións (3 concelleiros de MVXT e o Concelleiro do PG) sendo once o númnero legal de membros.

4 EXPEDIENTE 2026/C006/000002. PROPOSTA DE ADHESIÓN AO SISTEMA DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

Consta no expediente a seguinte proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de asuntos Xerais celebrada o 10 de setembro de 2026, que foi obxecto de explicación polo secretario-interventor, co seguinte tenor literal:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. A Deputación provincial da Coruña, por acordo plenario de 27 de xuño de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto nos artigos 203 e seguintes do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro. Tras a entrada en vigor da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP) As Centrais de Contratación atópanse reguladas nos seus artigos 227 e seguintes.

SEGUNDO. O Concello de Touro está interesado na utilización da Central de Contratación creada pola Deputación provincial da Coruña.

En consecuencia, tendo en conta o disposto no Art. 228 da referida Lei, propoño ao Pleno

PRIMEIRO. Adherirse á Central de Contratación da Deputación provincial da Coruña

SEGUNDO. Aprobar o convenio de adhesión que se transcribe a continuación do presente acordo.

TERCEIRO. Remitir o presente Acordo á Deputación provincial da Coruña para os efectos oportunos

CUARTO. Facultar ao Sr. alcalde para que en nome e representación desta corporación proceda á formalización de cuantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo, así

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

como para a adhesión aos distintos acordos marco, contratos e outras licitacións que a central de contratación da Deputación provincial da Coruña saque a licitación e sexan de interese para este Concello de Touro.

ANEXO

CONVENIO DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE ------ AO SISTEMA DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

A Coruña, a -- de -------- do 20--

REUNIDOS:

Dunha parte D. Valentín González Formoso, na súa calidade de presidente da Excma.Deputación Provincial da Coruña, que actúa en nome e representación desta en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e as facultades outorgadas pola Corporación provincial en sesión celebrada o día 27 de xuño de 2014, asistido por D. José Luis Almau Supervía, o seu secretario xeral, en exercicio das funcións de fe pública administrativa que lle atribúe a lexislación vixente.

Doutra parte D. ---------, alcalde-presidente do Concello de ---------, expresamente habilitado para este acto polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o -- de ----- de 20--.

Ambas as dúas partes recoñécense, na representación que teñen, capacidade bastante para asinar o presente **CONVENIO DE ADHESIÓN AO SISTEMA DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**, e para obrigar nos seus termos á persoa xurídica que representan.

En virtude diso,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Deputación Provincial da Coruña por acordo do Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 27 de xuño de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación coa fin de dar servizo ás entidades locais da provincia e entes instrumentais delas dependentes e, no seu caso, aos diferentes departamentos e servizos da Deputación provincial e os seus entes instrumentais.

Segundo: Que coa creación da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, preténdese lograr as condicións económicas máis vantaxosas e a consecuente redución do gasto público dos entes adheridos ao sistema de contratación centralizada que se articula e, ao tempo, simplificar a tramitación administrativa na adquisición de bens e servizos, potenciando, á vez, a transparencia e seguridade na contratación. Trátase de facilitarlles ás entidades locais da provincia e os seus entes instrumentais, a adquisición de bens e tramitación da contratación dos servizos que lles sexan necesarios, articulando un sistema áxil, que permita a minoración de tempos de adquisición e simplifique a súa tramitación, dando así cumprimento á obrigación de colaboración da institución provincial cos entes locais do seu territorio.

Terceiro: Que o Concello de ------- por acordo do Pleno da Corporación municipal do -- de ----- de 20-- acordou a adhesión á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña..

En consecuencia, as persoas que rubrican acordan asinar o **presente CONVENIO DE ADHESIÓN** conforme as seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente CONVENIO é a adhesión do Concello de ------- á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, polo que poderá, por tanto, efectuar as subministracións de bens e contratación de obras ou servizos a través da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, nas condicións e prezos vixentes nos contratos subscritos por esta, coas empresas adxudicatarias no momento da adquisición dos bens ou contratación dos servizos.

Esta adhesión non supón a obrigación de efectuar todas as contratacións ou servizos a través da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, polo que o Concello de ------- poderá optar por utilizar este sistema ou calquera outro establecido na lexislación de contratación pública.

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Non obstante a adhesión individualizada aos distintos acordos marco, contratos e outras licitacións polo Concello de ------- sí terá carácter obrigatorio e non poderán, en consecuencia, efectuar contratacións relativas ao obxecto dos citados acordos marco ou contratos á marxe destes.

SEGUNDA.- OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Central de Contratación informará ás entidades locais dos correspondentes acordos marco, contratos ou outras licitacións que celebre, e solicitaralles a adhesión individualizada a cada un deles, que será voluntaria para as ditas entidades.

A Central de Contratación informará as condicións dos acordos marco, contratos e outras licitacións, tales como empresa ou empresas adxudicatarias, prezo ofertado, prazos de entrega e en xeral calquera aspecto relevante, así como todas as modificacións que poidan ter durante a súa vixencia.

Tamén se obriga á publicación dos acordos marco, contratos e outras licitacións na páxina web da Central de Contratación.

Tramitación dos pedidos de subministración ou de prestacións de servizo efectuadas polas distintas entidades locais.

Adoptar as medidas oportunas en caso de incumprimento total ou parcial por parte das empresas adxudicatarias, mesmo tramitar expedientes de imposición de penalidades ou de resolución de contratos.

TERCEIRA.- OBRIGACIÓNS DA ENTIDADE LOCAL

Son obrigacións do Concello de --------- as seguintes:

1.- Indicar os cargos que, en virtude das súas competencias en materia de contratación e aprobación do gasto, deben subscribir as peticións de subministracións ou prestacións de servizos, para que poidan ser tramitadas pola Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, especificando, igualmente, ademais das circunstancias de denominación da entidade, dirección, teléfono, fax e persoa responsable e o correo electrónico de contacto.

2.- Formular as peticións de subministración de bens ou de prestación de servizos, no modelo que aprobará por resolución a tal fin, a Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, logo da autorización previa e disposición do gasto.

3.- Pór en coñecemento da Central de Contratación, as demoras nos prazos de entrega, defectos nos bens fornecidos ou na prestación de servizos, ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co obxecto do contrato, para a adopción das medidas oportunas pola Central de Contratación.

4.- Efectuar a recepción dos bens fornecidos e dos servizos prestados, os cales deberán coincidir coas características e prezos cos que figuran na correspondente petición, así como o aboamento do prezo e, eventualmente, dos xuros de mora e das posibles revisións, que se fará efectivo conforme as previsións establecidas no artigo 198 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

CUARTA.- VIXENCIA DO PRESENTE CONVENIO

O período de vixencia do presente CONVENIO será de catro anos contados desde o día seguinte ao da súa formalización, e poderase prorrogar automaticamente por igual período de tempo, se non existise denuncia deste por algunha das partes, logo da comunicación previa á outra con polo menos tres meses de antelación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN E EFECTOS

Será causa de resolución do presente convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das condicións por algunha delas.

Non obstante o anterior, as partes poderán denunciar en calquera momento o acordo de adhesión logo da comunicación previa efectuada, polo menos, con tres meses de antelación.

Nos supostos de resolución, incluída a expiración por denuncia, os efectos da extinción quedarán en suspenso ata que teña lugar a recepción e total aboamento das subministracións ou servizos solicitados pola Central de Contratación da Deputación da Coruña a instancia do Concello de -------.

SEXTA.- RESOLUCIÓN DE LITIXIOS

As cuestións litixiosas que poidan xurdir respecto da aplicación, interpretación e cumprimento deste convenio serán competencia da orde xurisdicional contencioso-administrativo.

E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadriplicado, as persoas que interveñen, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACION — O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE -------

Asdo: Valentín González Formoso — Asdo: ----------

O SECRETARIO DA DEPUTACION

Sen que se produzan de intervencións procedeuse á

VOTACIÓN

Procédese a votación da referida proposta de adhesión ao sistema de adquisición centralizada da Deputación da Coruña, resultando aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

5 EXPEDIENTE 2026/E004/000001. MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE TOURO. CONTESTACIÓN ALEGACIÓNS.

Consta no expediente a seguinte proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de asuntos Xerais celebrada o 10 de setembro de 2026, que foi obxecto de exposición pro parte do Sr. Alcalde, co seguinte tenor literal:

ANTECEDENTES DE FEITO

O 19 de maio de 2026 iniciouse o expediente onde se inclúe a memoria de alcaldía.

O 20 de maio emitiuse informe pola secretaría-intervención sobre o porcedemento a seguir para aprobación da modificación de relación de postos de traballo (RPT).

O 20 de maio de 2026 convocouse a Mesa de de Negociación.

O 1 de xuño de 2026 celebrouse a Mesa de Negociación.

O 9 de xullo de 2026 aprobouse inicialmente polo pleno da Corporación a modificación da RPT.

O 3 de xuño emitiuse informe de intervención.

O 15 de xullo de 2026, publicouse no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, nº 132, o anuncio de exposición ao público da aprobación inicial modificación da relación de postos de traballo, de conformidade co disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril.

O 24 de agosto de 2026 certificáronse as alegacións presentadas por:

- Xoan Manuel Pérez Lijó en representación da Confederación Intersindical Galega (CIG) o día 10 de agosto de 2026 (Rexistro de entrada nº 202699900000637).
- Paula Martínez Cereijo o día 12 de agosto de 2026 (Rexistro de entrada nº 202690000000806).

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

- Laura Cereijo Míguez e Mercedes Suárez Piñeiro en representación do Sindicato Comarcal de Santiago-Barbanza da FSC de CCOO o día 12 de agosto de 2026 (Rexistro de entrada nº 202690000000807).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

Primeiro. Alegación presentada por Xoan Manuel Pérez Lijó en representación da Confederación Intersindical Galega (CIG) o día 10 de agosto de 2026 xa que a modificación da relación de postos de traballo (RPT) non foi sometida a negociación previa con esta organización sindical no seo da Mesa de Negociación correspondente e que pola súa condición de sindicato máis representativo, tiña dereito a participar.

Contestación á alegación: se ben o citado Sindicato aparece recollido na convocatoria, por un erro administrativo non se procedeu a súa efectiva convocatoria, polo que ao estar ante unha materia de negoación obrigatoria, **procede estimar á alegación.**

A segunda alegación presentada polo citado Sindicato, (CIG) refírese ao proceso selectivo do Operario/a de Servizos Varios relativo a transformación coa conseguinte eliminción desa praza e transformala en Encargado/a de Obras e Servizos, con distinta configuración e, ademais, con provisión por promoción interna, sen rematar o proceso selectivo onde consta o Decreto de Alcaldía 14/2024, do 15 de xaneiro de 2024, polo que se apobaron as bases e a convocatoria do proceso selectivo por oposición libre para cubrir definitivamente a praza de Operario/a de Servizos Varios. Convocatoria publicada no BOP, DOG e BOE e, ademais, aprobouse a correspondente lista provisional de admitidos e excluídos, sen que o proceso rematara e non se producira o nomeamento nin a cobertura definitiva da praza.

Unha vez iniciado o proceso e aprobada a lista de admitidos, xa non estamos ante unha mera expectativa dos aspirantes. A alegación reproduce precisamente a doutrina da STS 773/2025, do 17 de xuño, rec. 3139/2023, conforme á cal o aspirante admitido ten dereito a participar efectivamente no proceso conforme as bases da convocatoria. Non ten dereito a obter a praza, evidentemente, pero si a que o proceso se desenvolva e conclúa conforme as bases. Por tanto estase a facer desaparecer a praza sobre a que existe un proceso selectivo aberto.

Non se pode utilizar a modificación da RPT como mecanismo indirecto para deixar sen efecto ese proceso selectivo. O propio escrito de CIG expón que, se se quixese deixar sen efecto unha convocatoria da que xa naceron dereitos para terceiros, habería que acudir aos mecanismos correspondentes de revisión de oficio ou, no seu caso, lesividade.

Contestación á alegación: **Procede estimar á alegación**, onde praza debería manterse nos termos actuais mentres se tramita e finaliza o proceso selectivo. Unha vez finalizado, o Concello poderá valorar que facer con esa praza, pero xa co proceso concluído e respectando os dereitos que correspondan.

Segundo. En canto ás alegacións presentadas por Paula Martínez Cereijo.

- A primeira en relación á *redución do complemento específico sen motivación suficiente,* en base ao importe do complemento específico no que a RPT fixa 5.118,16 € cando o importe actual polas actualizacións derivadas das Leis de Orzamento do Estado e Decretos leis sobre retribucións percibe 5.246,08 € anuais.

Contestación á alegación: Procede **estimar a alegación** xa que se debeu a un erro, ao non ter en conta as sucesivas actualizacións producidas dende o ano 2020, e fixar a citada contía do complemento específico nos 5.246,08 €.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

- Realiza unha segunda alegación sobre a *incorporación da condición de «especial dispoñibilidade e dedicación» sen motivación suficiente.*

Contestación á alegación: En relación á coa "especial dispoñibilidade e dedicación" débese a un erro ao transcribir as distintas tablas do documento de modificación da RPT, xa que non se pretende unha modificación neste senso sobre o existente nin introducir condición algunha, polo que procede **estimar á alegación.**

- Presenta unha terceira alegación que denomina *indeterminación de funcións e inseguridade xurídica* en relación coas funcións de auxiliar de servizos sociais e alguacil-porteiro.

Contestación á alegación: As funcións de cada un dos postos aparecen definidas na Relación de Postos de Traballo, polo que as funcións que lle corresponden ao posto ocupado pola persoa alegante están determinadas, polo que procede **desestimar á alegación.**

- Presenta unha cuarta alegación denominada *defectos na negociación colectiva.*

Contestación á alegación: A propia Mesa reflicte que se debateron as distintas cuestións, que houbo propostas e obxeccións e que finalmente non houbo acordo, pero a negociación non esixe necesariamente alcanzar un acordo cos sindicatos. Ademais, a propia Corporación deixou claro que non pretendía facer unha RPT nova, senón unha modificación puntual para solucionar determinadas necesidades inmediatas, polo que procede **desestimar á alegación.**

Terceiro. En canto ás alegacións presentadas polo Sindicato Comarcal de Santiago-Barbanza da FSC de CCOO.

- En canto a primeira relativa a *singularización do posto de Administrativo de Asuntos Económicos que ocupará a vacante de Administrativo Xefe Unidade, non nos consta suficiente acreditación para a transformación do posto, no sentido riguroso do procedemento, onde ver a redistribución interna ou un concurso xenérico nun procedemento mais regulado,* terceira *A transformación do posto Auxiliar Administrativo do Departamento de Secretaría Intervención, para pasar a crear a segunda praza de Traballador/a Social no departamento de Servicios Sociais, non vemos unha transformación do posto en sí mesma para a mellora da realidade funcional do concello, senon a creación directa dun novo posto e* cuarta *A modificación do posto de Auxiliar de Servizos Sociais como persoal laboral (que nun principio se plantexou en mesa de negociación a ser un posto a extinguir), a Auxiliar Administrativo Funcionario dependente da Unidade de Admistración Xeral, dita funcionarización necesita dun procedemento administrativo específico e debe respetar unhas bases legais locais e estatais.*

Contestación á alegación: As referencias que se fan nas alegacións sobre que a modificación é parcial, que habería que revisar máis postos, que existen diferenzas retributivas, etc..., a propia Mesa reflicte que se debateron as distintas cuestións, que houbo propostas e obxeccións e que finalmente non houbo acordo, pero a negociación non esixe necesariamente alcanzar un acordo cos sindicatos. Ademais, a propia Corporación deixou claro que non pretendía facer unha RPT nova, senón unha modificación puntual para solucionar determinadas necesidades inmediatas. Por tanto, as alegacións que son simplemente de oportunidade ou de que debería aproveitarse para facer unha revisión integral da RPT **procede desestimalas en canto pretenden converter esta modificación parcial nunha revisión integral da RPT.**

- A segunda alegación presentada co seguinte tenor literal *Con respecto a modificación do Posto de Operario/a de Servizos Varios en Encargado de coordinación e organización do persoal, faise constar que hai unha OEP de 2023 aberta para a cobertura do posto de Operario/a mediante oposición libre, co cal consideramos que non corresponde esta modificación na consecuencia que negativamente afectaría as persoas admitidas no proceso selectivo iniciado, así como tamén os requisitos que deben ser requeridos para a categoría superior e funcións do posto de Encargado/a polo que se propón transformar un posto existente de Peón.*

Contestación á alegación: Como xa se fixo referencia no punto primeiro en base a alegación presentada pola CIG, **procede estimar á alegación**, co argumentario referido no citado punto do presente.

PROPOSTA DE ACORDO:

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

PRIMEIRO. Estimar as alegacións presentadas por Xoan Manuel Pérez Lijó en representación da Confederación Intersindical Galega (CIG), en base ao reflectido nas consideracións técnicas e xurídicas do presente informe.

SEGUNDO. Estimar as alegacións presentadas por Paula Martínez Cereijo sobre as retribucións do complemento específico e a condición de especial dispoñibilidade e adicación, desestimando as referidas á indeterminación de funcións e inseguridade xurídica e defectos na negociación colectiva, en base ao reflectido nas consideracións técnicas e xurídicas do presente informe.

TERCEIRO. Estimar a alegación presentadas polo Sindicato Comarcal de Santiago-Barbanza da FSC de CCOO en relación á modificación do Posto de Operario/a de Servizos Varios en Encargado de coordinación e organización do persoal, desestimando o resto das alegacións presentadas, en base ao reflectido nas consideracións técnicas e xurídicas do presente informe.

CUARTO. Revogar e deixar sen efecto o acordo plenario de 9 de xullo de 2026 de aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Touro.

QUINTO. Notificar o presente ás persoa alegantes así coma as representacións sindicais que participaron na Mesa de Negociación e aos representantes do persoal funcionario e do persoal laboral do Concello de Touro.

Tras o turno de intervencións procedeuse á

VOTACIÓN

Procédese a votación da referida proposta de contestación das alegacións presentadas á modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Touro, resultando aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

6 EXPEDIENTE 2026/T002/000018. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS SEGUNDA BAIXO A MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Consta no expediente a seguinte proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de asuntos Xerais celebrada o 10 de setembro de 2026, que foi obxecto de exposición por parte do Sr. Alcalde, co seguinte tenor literal:

En relación co expediente relativo á aprobación de modificación de créditos núm. 2026/T002/000018 do orzamento en vigor, segunda na modalidade de suplemento de crédito, vistos os informes favorables de Secretaría-Intervención emitidos en data 7 de setembro de 2026.

Ao abeiro da Memoria que forma parte do expediente na que se fai constar o seguinte:

1.º Modalidade.

Ante a existencia de determinados gastos correntes nas seguintes áreas de gasto:

- Área de gasto 1 servizos públicos básicos como é o abastecemento de auga potable e a necesidade de subministro a través de cisternas de auga.

- Area de gasto 3 na política de gasto de educación, vista as necesidades dos alumnos/as que cursan Bacherelato e formación profesional en Santiago de Compostela en determinados centros educativos nos que o servizo de transporte da Xunta de Galicia non cubre as necesidades de volta dos centros de estudo ao seu lugar de residencia en Touro, debido a incompatiblidade dos horarios de saída dos centros e das rutas fixadas pola administración autonómica, proponse a dotación de crédito que permita elaborar unhas bases de axudas ao transporte escolar, que axude ao alumnado a financiar os custes derivados do transporte por carecer dun transporte público compatible co horarios e necesidades dos estudantes de detreminados centros.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

- Área de gasto 3 nas políticas de gasto de educación, cultura e deporte fai precisa a modificación de créditos de devandito Orzamento da Corporación baixo a modalidade de suplemento de crédito con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais, derivados dos gastos de funcionamento do colexio e das instalacións deportivas relativos ao subministro de enerxía eléctrica e gastos de promoción cultural polo maior número de carpas solicitadas polas parroquias e asociacións así como polo número de actividades ofertadas durante o ano.

As aplicacións que deben crearse no Orzamento municipal para facer fronte aos referidos gastos son as seguintes:

Altas en aplicacións de gastos:

Proxecto e Partida orzamentaria	***Descrición***	***Importe modificación***
Partida 161.22101	*Servizos públicos básicos, benestar comunitario, abastecemento domiciliario de auga potable. Gastos correntes en bens e servizos, material, subministros e otros, auga.*	*180.000,00 €*
Partida 320.48000	*Producción de bens públicos de carácter preferente, educación, adminsitración xeral de educación. Tranferencias correntes a familias e institución sn fin de lucro.*	*18.000,00 €*
Partida 324.22100	*Producción de bens públicos de carácter preferente, educación, funcionamento de centros docentes de ensinanza secundaria. Gastos correntes, en bens e servizos, subministro de enerxía eléctrica.*	*12.000,00 €*
Partida 334.20800	*Producción de bens públicos de carácter preferente, cultura, promoción cultural. Gastos correntes, en bens e servizos, arrendamentos doutro inmovilizado material.*	*10.000,00 €*
Partida 334.22609	*Producción de bens públicos de carácter preferente, cultura, promoción cultural. Gastos correntes, en bens e servizos, actuacións culturais e deportivos*	*35.000,00 €*
Partida 342.22100	*Producción de bens públicos de carácter preferente, deporte, instalacións deportivas. Gastos correntes, en bens e servizos, subministro de enerxía eléctrica.*	*13.000,00 €*

2º. Financiación

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, nos seguintes termos:

Concepto	***Denominación***	***Importe modificación***
87000	*Activos financieiros, remanente de tesouraría para gastos xerais.*	*268.000,00 €*

3. º Xustificación

O carácter específico e determinado dos gastos a realizar e a imposibilidade de demoralos a exercicios posteriores

A realización do expediente de modificación de crédito está xustificada:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores por tratarse de finazamento de investimentos adxudicados.

*b) A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédit*o destinado a esa finalidade específica, que se verifica no nivel en que está establecida a vinculación xurídica.

O Alcalde-Presidente, propón ao Pleno da Corporación:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2026/T002/000018 do orzamento en vigor, segundo baixo a modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais, por un importe total de 268.000,00 €.

Os importes aplicados aos diferentes destinos, con base no informe de Intervención, son:

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Altas en aplicacións de gastos:

Proxecto e Partida orzamentaria	Descrición	Importe modificación
Partida 161.22101	Servizos públicos básicos, benestar comunitario, abastecemento domiciliario de auga potable. Gastos correntes en bens e servizos, material, subministros e otros, auga.	180.000,00 €
Partida 320.48000	Producción de bens públicos de carácter preferente, educación, adminsitración xeral de educación. Tranferencias correntes a familias e institución sn fin de lucro.	18.000,00 €
Partida 324.22100	Producción de bens públicos de carácter preferente, educación, funcionamento de centros docentes de ensinanza secundaria. Gastos correntes, en bens e servizos, subministro de enerxía eléctrica.	12.000,00 €
Partida 334.20800	Producción de bens públicos de carácter preferente, cultura, promoción cultural. Gastos correntes, en bens e servizos, arrendamentos doutro inmovilizado material.	10.000,00 €
Partida 334.22609	Producción de bens públicos de carácter preferente, cultura, promoción cultural. Gastos correntes, en bens e servizos, actuacións culturais e deportivos	35.000,00 €
Partida 342.22100	Producción de bens públicos de carácter preferente, deporte, instalacións deportivas. Gastos correntes, en bens e servizos, subministro de enerxía eléctrica.	13.000,00 €

Financiación

Concepto	Denominación	Importe modificación
87000	Activos financieiros, remanente de tesouraría para gastos xerais.	268.000,00 €

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas; e se aprobe a concertación da operación de préstamo e se proceda a súa adxudicación, que financia a citada modificación.

TERCEIRO. O acordo de aprobación definitiva e o resumo por capítulos da modificación de créditos publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

Tras a quenda de intervencións procedeuse á

VOTACIÓN

Procédese a votación da referida proposta de modificación de créditos segunda baixo a modalidade de suplemento de crédito, resultando aprobada pola maioría absoluta por seis votos a favor (5 concelleiros do PP e o concelleiro non adscrito), a abstención do Concelleiro do BNG e o Concelleiro do PG e o voto en contra dos 3 concelleiros de MVXT, sendo once o número legal de membros da Corporación

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

7 EXPEDIENTE 2026/X999/000055. REINTEGRO CANTIDADES EN CONCEPTO DE RETRIBUCIÓNS DERIVADAS DO EXERCICIO DO CARGO DE ALCALDE DO CONCELLO DE TOURO. PROPOSTA INCOACIÓN EXPEDIENTE.

Consta no expediente a seguinte proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de asuntos Xerais celebrada o 10 de setembro de 2026, que foi obxecto de exposición por parte do Sr. Alcalde, co seguinte tenor literal:

ANTECEDENTES

Primeiro. Con data 24 de xullo de 2025, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 da Coruña ditou sentencia nº 127/2025, no procedemento ordinario nº 99/2024, interposto por D. Jesús José Reboredo González fronte ao Concello de Touro, cuxo fallo dispón, no que aquí interesa:

"[…] declarando la nulidad radical de la orden de expulsión del demandante de la sesión plenaria celebrada en el concello de Touro el día 9 de noviembre de 2023, ***así como la nulidad radical de los acuerdos adoptados en dicha sesión plenaria****. Se condena la Administración a retrotraer dicha sesión al momento oportuno para proceder a nueva votación de los asuntos del orden del día que correspondan, con participación del concejal recurrente."*

Segundo. En execución da citada sentenza, o Concello procedeu á repetición da sesión plenaria do 9 de novembro de 2023, en data 25 de novembro de 2025, con participación de todos os concelleiros, adoptando, entre outros, a non aprobación da proposta de retribucións por adicación parcial para o cargo electo da Alcaldía.

CARGO	***RETRIBUCIÓNS ANUAIS***	
Alcaldía	*Partida:*	*912.100.00*
	Salario:	*25.920,00*
	Pagas extras:	*4.320,00*
	Retribucións totais anuais:	*30.240,00 €*
	Seguridade Social empresa:	*9.948,96 €*
	Custe total:	*40.188,96 €*

Terceiro. Da documentación obrante no Concello (nóminas mensuais, certificados de retencións e ingresos a conta do IRPF, informes de Intervención), resulta que D. Roberto Castro Rocamonde, que ostentou o cargo de Alcalde do Concello de Touro desde o 17 de xuño de 2023 ata o 12 de agosto de 2025, data do pleno de moción de censura, percibiu, en concepto de retribucións dinerarias derivadas do exercicio do cargo de Alcalde, as seguintes cantidades:

• No exercicio 2023, un importe íntegro satisfeito de 16.128,00, coas correspondentes retencións de IRPF e cotizacións á Seguridade Social, con retencións practicadas por importe de 2.903,04 euros e cotizacións á Seguridade Social por importe de 1.059,25 euros.

• No exercicio 2024, un importe íntegro satisfeito de 30.619,54 euros, segundo certificado de retencións expedido polo Concello de Touro, con retencións practicadas por importe de 5.511,52 euros e cotizacións á Seguridade Social por importe de 1.996,32 euros.

• No exercicio 2025, un importe íntegro satisfeito de 21.166,67 euros, segundo certificado de retencións expedido polo Concello de Touro, con retencións practicadas por importe de 3.810,00 euros e cotizacións á Seguridade Social por importe de 1.264,62 euros.

Cuarto. As retribucións indicadas traen causa do acordo plenario de fixación de retribucións da Alcaldía adoptado na sesión do 9 de novembro de 2023, acordo que quedou afectado pola nulidade radical da sesión e de todos os acordos adoptados nela, declarada pola sentenza nº 127/2025 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 da Coruña.

Quinto. O art. 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece o réxime de retribucións dos membros das corporacións locais, dispoñendo que só os cargos desempeñados con dedicación exclusiva ou parcial poden percibir retribucións, e que as corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias dentro dos límites que se establezan.

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

O art. 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, atribúe ao Pleno a competencia para determinar, a proposta do Presidente, a relación de cargos que poden desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva e as retribucións correspondentes.

O art. 95 do mesmo Regulamento regula as facultades de orde e policía do Alcalde nas sesións plenarias, esixindo tres chamadas á orde, con advertencia na segunda, para poder acordar a expulsión dun concelleiro.

O art. 47.1.e) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara nulos de pleno dereito os actos administrativos ditados *"prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados".*

A Sentencia nº 127/2025 apreciou precisamente a vulneración das normas esenciais de formación da vontade do Pleno (art. 95 ROF), declarando a nulidade radical da sesión do 9 de novembro de 2023 e de todos os acordos adoptados nela.

Sexto. A xurisprudencia contencioso-administrativa declarou que a nulidade de pleno dereito de acordos plenarios en materia retributiva produce efectos ex tunc, isto é, desde a data de adopción do acordo nulo, o que implica a inexistencia de título xurídico válido para as retribucións percibidas en execución dos devanditos acordos, procedendo o reintegro das cantidades indebidamente percibidas (entre outras, TSJ Andalucía, sentenza do 20 de setembro de 2005, rec. 490/2002; TSJ Galicia, sentenza 64/2019, rec. 241/2018; TSJ Asturias, sentenza 25/2026, rec. 234/2025).

Sétimo. En consecuencia, resulta procedente incoar expediente administrativo para determinar, no seu caso, a existencia de cantidades indebidamente percibidas por D. Roberto Castro Rocamonde en concepto de retribucións de Alcalde, derivadas de acordos plenarios declarados nulos de pleno dereito, e para fixar a eventual obrigación de reintegro das devanditas cantidades ao Concello de Touro.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia.

De conformidade co disposto nos artigos 22 e 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde a o Pleno do Concello, entre outras atribucións, o control e a fiscalización dos órganos de goberno, a aprobación do persoal de persoal e da relación de postos de traballo, a fixación da contía das retribucións complementarias fixas e periódicas dos funcionarios, así como a determinación do número e réxime do persoal eventual, e, en xeral, a adopción dos acordos relativos ao réxime retributivo dos membros da Corporación.

O artigo 75 da citada Lei establece que os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva ou parcial, e que as Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias, debendo publicarse integramente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial.

Pola súa banda, o artigo 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, atribúe expresamente a o Pleno a competencia para determinar, a proposta do Presidente, a relación de cargos que poden desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva e as retribucións correspondentes, así como o réxime de indemnizacións e asistencias.

No presente caso, o réxime retributivo do cargo de Alcalde foi fixado mediante acordos do Pleno, un dos cales —o adoptado na sesión do 9 de novembro de 2023— quedou afectado por a nulidade

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

radical da devandita sesión e de todos os seus acordos, declarada pola sentenza nº 127/2025 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 da Coruña, que condena á Administración a retrotraer a sesión para proceder a nova votación dos asuntos da orde do día con participación do concelleiro recorrente.

Atendendo a que:

• o título xurídico das retribucións percibidas polo anterior Alcalde trae causa de acordos plenarios sobre réxime retributivo,

• a nulidade de pleno dereito da sesión do 9 de novembro de 2023 e dos seus acordos foi declarada xudicialmente, cos efectos previstos no artigo 47.1.e) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

• e que corresponde ao Pleno, como órgano que fixou devandito réxime retributivo, revisar as consecuencias económicas da nulidade e, no seu caso, declarar a existencia de cantidades indebidamente percibidas e a obrigación de reintegro,

considérase que o Pleno do Concello de Touro é o órgano competente tanto para acordar a incoación do presente expediente administrativo de reintegro de retribucións indebidamente percibidas polo anterior Alcalde, como para ditar a resolución que poña fin ao mesmo, determinando, no seu caso, a contía das cantidades indebidamente percibidas e a obrigación do seu reintegro ao Concello.

Segundo. Réxime retributivo e nulidade dos acordos.

Fundaméntase a incoación nos arts. 75 e 75 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no art. 13 do ROF, que regulan o réxime retributivo dos membros das corporacións locais e a competencia do Pleno para fixar as retribucións da Alcaldía.

A Sentencia nº 127/2025 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 da Coruña declarou a nulidade radical da sesión plenaria do 9 de novembro de 2023 e de todos os acordos adoptados nela, por vulneración do art. 95 ROF e do dereito fundamental do concelleiro recorrente (art. 23.2 CE).

Conforme o art. 47.1.e) da Lei 39/2015, os acordos adoptados na devandita sesión son nulos de pleno dereito, carecendo de eficacia xurídica desde a súa orixe.

Terceiro. Necesidade de expediente de reintegro.

A percepción de retribucións públicas sen título xurídico válido constitúe un suposto de ingreso indebido no patrimonio do perceptor e de saída inxustificada de fondos públicos, que debe ser corrixido mediante a declaración da obrigación de reintegro, previa tramitación do oportuno expediente administrativo, con respecto ás garantías procedementais (art. 106 Lei 39/2015, principios de boa administración e tutela do patrimonio público).

A doutrina e a xurisprudencia sinalaron que, nestes casos, o órgano competente debe ditar un acto administrativo declarativo do pago indebido e da consecuente obrigación de restitución, susceptible de recurso de reposición e contencioso-administrativo.

ACORDO

PRIMEIRO. Incoar expediente administrativo para determinar a existencia de cantidades indebidamente percibidas por D. Roberto Castro Rocamonde en concepto de retribucións derivadas do exercicio do cargo de Alcalde do Concello de Touro, como consecuencia de acordos plenarios declarados nulos de pleno dereito pola sentenza nº 127/2025 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 da Coruña, e, no seu caso, para fixar a obrigación de reintegro das devanditas cantidades ao Concello.

SEGUNDO. Levar a cabo as seguintes actuacións:

a) Solicitar da Intervención municipal informe detallado sobre as cantidades percibidas por D. Roberto Castro Rocamonde en concepto de retribucións de Alcalde desde o 17 de xuño de 2023 ata a data de cesamento con desagregación por meses e exercicios.

b) Solicitar informe xurídico da Secretaría Municipal.

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

c) Formular proposta de resolución na que, á vista dos informes anteriores e das alegacións do interesado, se determine, no seu caso, a contía das cantidades indebidamente percibidas e a obrigación de reintegro.

TERCEIRO. Conceder trámite de audiencia a D. Roberto Castro Rocamonde, na súa condición de interesado, para que, unha vez incorporados ao expediente os informes de Intervención e Secretaría, poida formular as alegacións e achegar os documentos que estime pertinentes, no prazo de dez días hábiles desde a notificación do correspondente trámite, de conformidade co artigo 82 da Lei 39/2015.

Tras a quenda de intervencións procedeuse á

VOTACIÓN

Procédese a votación da referida proposta de incoación do expediente de reintegro cantidades en concepto de retribucións derivadas do exercicio do cargo de alcalde do Concello de Touro, resultando aprobada pola maioría absoluta por sete votos a favor (5 concelleiros do PP, o Concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito), e o voto en contra dos 3 concelleiros de MVXT e o Concelleiro do PG, sendo once o número legal de membros da Corporación.

II PARTE DE CONTROL

8 EXPEDIENTE 2026/G006/000217. DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS ENTRE O 6 DE XULLO E O 9 DE SETEMBRO DE 2026.

ANTECEDENTES

Decretos da Alcaldía ditados entre o 6 de xullo e o 9 de setembro de 2026.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. O Pleno do concello toma coñecemento sucinto dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 6 de xullo e o 9 de setembro de 2026.

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2026/G003/000283	EXPEDIENTE 2026/G010/000008. Pleno sesión ordinaria 9 de xullo de 2026. Convocatoria.	269/2026	06-07-2026
2026/G003/000284	EXPEDIENTE 2026/G003/000284. Copago persoas usuarias SAF, xuño.	270/2026	07-07-2026
2026/G003/000285	EXPEDIENTE 2026/A006/000006. Convenio de colaboración entre o Concello de Boqueixón e o Concello de Touro para o abastecemento de auga potable a Touro	271/2026	07-07-2026
2026/G003/000286	EXPEDIENTE 2026/E001/000009. Procedemento de selección Obradoiro Dual de Emprego “TouroBoimorto-O Pino. Nomeamento monitor da especialidade AGAR0209: Actividades auxiliares en aproveitamentos forestais.	272/2026	08-07-2026
2026/G003/000288	EXPEDIENTE 2026/S002/000056. Modificación servizo Axuda no Fogar dependencia.	273/2026	08-07-2026
2026/G003/000287	EXPEDIENTE 2026/S002/000055. Ampliación servizo Axuda no Fogar dependencia.	274/2026	08-07-2026
2026/G003/000289	EXPEDIENTE 2026/X006/000122. Solicitude de ampliación de horario de peche do bar Nito o día 10 de xullo. Autorización.	275/2026	09-07-2026

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

2026/G003/000290	EXPEDIENTE 2026/E005/000004. Recoñecemento trienios e abono dous trienios a Darío Manuel Pérez Vázquez, monitor da especialidade AGAR0209: actividades auxiliares en aproveitamentos forestais, funcionario interino do proxecto “Obradoiro Dual de Emprego Touro-Boimorto-O Pino”.	276/2026	10-07-2026
2026/G003/000291	EXPEDIENTE 2026/X006/000119. Nomeamento accidental secretario-interventor	277/2026	10-07-2026
2026/G003/000292	EXPEDIENTE 2026/A008/000037. Subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a concellos de Galicia para a adquisición de vehículos, as súas daptacións e maquinaria vinculada a actuacións de prevención de incendios forestais, cofinanciadas nun 60 % pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento PR486F). Solicitude.	278/2026	13-07-2026
2026/G003/000293	EXPEDIENTE 2026/G007/000013. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 14 de xullo de 2026. Convocatoria.	279/2026	13-07-2026
2026/G003/000296	EXPEDIENTE 2026/C003/000007. Contratación "Mellora pista Vilanova – Loureda - Louredela”, incluída no POS+ Adicional 2/2025. Aprobación Plan seguridade e saúde.	280/2026	15-07-2026
2026/G003/000295	EXPEDIENTE 2026/E001/000009. Asistencias por participacións en tribunais de selección, monitor da especialidade AGAR0209: actividades auxiliares en aproveitamentos forestais Obradoiro Dual de Emprego.	281/2026	15-07-2026
2026/G003/000294	EXPEDIENTE 2026/S002/000057. Modificación Servizo Axuda no Fogar dependencia.	282/2026	15-07-2026
2026/G003/000299	EXPEDIENTE 2026/S002/000058. Modificación Servizo Axuda no Fogar dependencia.	283/2026	15-07-2026
2026/G003/000298	EXPEDIENTE 2026/C003/000005. Contratación obra Rehabilitación da vivenda do mestre na Escola Unitaria de Vilar. Aprobación Plan seguridade e saúde.	284/2026	15-07-2026
2026/G003/000297	EXPEDIENTE 2026/C003/000004. Contratación obra Rehabilitación da vivenda do mestre na Escola Unitaria de Enquerentes. Aprobación Plan seguridade e saúde.	285/2026	15-07-2026
2026/G003/000300	EXPEDIENTE 2026/S002/000059. Baixa Servizo Axuda no Fogar.	286/2026	20-07-2026
2026/G003/000301	EXPEDIENTE 2026/X999/000051. Pagamento IRPF 2ºT-2026.	287/2026	20-07-2026
2026/G003/000303	EXPEDIENTE 2026/S002/000062. Baixa PAR de SAF sen asignación de horas de servizo	286/2026	20-07-2026
2026/G003/000302	EXPEDIENTE 2026/S002/000060. Suspensión Servizo Axuda no Fogar.	289/2026	21-07-2026
2026/G003/000307	EXPEDIENTE 2026/G003/000307. Quilometraxe e dietas para incluír na nómina do mes de xullo de 2026	290/2026	23-07-2026
2026/G003/000306	EXPEDIENTE 2026/G003/000306. Horas extraordinarias para incluír na nómina do mes de xullo de 2026	291/2026	23-07-2026
2026/G003/000305	EXPEDIENTE 2026/G003/000305 Juan Ramón López Tojo. Recoñecemento de produtividade (mes de xullo 2026)	292/2026	23-07-2026
2026/G003/000304	EXPEDIENTE 2026/G003/000304 Cristina Andújar Garrido. Recoñecemento de produtividade (mes de xullo 2026)	293/2026	23-07-2026
2026/G003/000308	EXPEDIENTE 2026/S002/000061. Alta Servizo Axuda no Fogar.	294/2026	28-07-2026
2026/G003/000311	EXPEDIENTE 2026/C003/000006. Contratación obra Tratamento de augas residuais en Abelenda (POS+ Adicional 2/2024). Aprobación Plan seguridade e saúde.	295/2026	29-07-2026
2026/G003/000309	EXPEDIENTE 2026/G010/000009. Pleno sesión extraordinaria 3 de agosto de 2026. Convocatoria.	296/2026	29-07-2026
2026/G003/000310	EXPEDIENTE 2026/C003/000003. Obra Senda da Toxa a Iglesia (POS + 2024 - ACHEGA 2024). Aprobación Plan seguridade e saúde.	297/2026	29-07-2026
2026/G003/000313	EXPEDIENTE 2026/C0003/000009. Contratación obras Mellora da contorna de Fonte Díaz Aprobación Plan seguridade e saúde.	298/2026	30-07-2026
2026/G003/000312	EXPEDIENTE 2026/X999/000054.	299/2026	30-07-2026

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

	Aprobación nóminas xullo 2026		
2026/G003/000314	EXPEDIENTE 2026/E001/000003. Proceso de selección dunha persoa tractorista ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2026. Lista de admitidos e excluídos, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección.	300/2026	03-08-2026
2026/G003/000315	EXPEDIENTE 2026/X006/000087. Aprobación dos recibos e importes definitivos correspondentes ao Padrón da taxa de recollida domiciliaria de lixo ano 2026	301/2026	04-08-2026
2026/G003/000317	EXPEDIENTE 2026/G003/000317. Copago persoas usuarias SAF, xullo.	302/2026	05-08-2026
2026/G003/000316	EXPEDIENTE 2026/G007/000014. Xunta de Goberno Local. Sesión extraordinaria do 6 de agosto de 2026. Convocatoria	303/2026	05-08-2026
2026/G003/000320	EXPEDIENTE 2026/E001/000003. Proceso de selección dunha persoa tractorista ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2026. Declaración proceso deserto.	304/2026	06-08-2026
2026/G003/000319	EXPEDIENTE 2026/E001/000007. Proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para06-08-2026305/2026 prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2026. Declaración proceso deserto.	305/2026	06-08-2026
2026/G003/000323	EXPEDIENTE 2024/I002/000014. Limpeza de fincas para prevención de incendios forestais no lugar de Murgás, Turces. Referencia Catastral 15086A034000010001OJ.	306/2026	10-08-2026
2026/G003/000322	EXPEDIENTE 2026/S002/000063. Baixa Servizo Axuda no Fogar	307/2026	10-08-2026
2026/G003/000321	EXPEDIENTE 2026/G012/000005. Comisión informativa de facenda e especial de contas. Sesión ordinaria do 1 de setembro de 2026. Convocatoria.	308/2026	10-08-2026
2026/G003/000324	EXPEDIENTE 2026/E001/000011. Procedemento de selección auxiliar administrativo/a Obradoiro Dual de Emprego “Touro-Boimorto-O Pino. Presentación oferta Servizo Público de Emprego.	309/2026	12-08-2026
2026/G003/000325	EXPEDIENTE 2026/C003/000010. Proxecto de mellora do bombeo da captación da ETAP de Touro; 1ª fase. Aprobación Plan seguridade e saúde.	310/2026	13-08-2026
2026/G003/000326	EXPEDIENTE 2026/S010/000004. Solicitude do programa de teleasistencia da Deputacion da Coruña.	311/2026	18-08-2026
2026/G003/000327	EXPEDIENTE 2026/A008/000039. Subvencións, para o ano 2026, para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciados pola Unión Europea nun 60 %, no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento PR450A). Solicitude.	312/2026	24-08-2026
2026/G003/000329	EXPEDIENTE 2025/X006/000061. Nomeamento accidental secretario-interventor. Pago retribucións	313/2026	24-08-2026
2026/G003/000328	EXPEDIENTE 2026/G003/000307. Quilometraxe e dietas para incluír na nómina do mes de agosto de 2026	314/2026	25-08-2026
2026/G003/000330	EXPEDIENTE 2026/G003/000304 Cristina Andújar Garrido.	315/2026	25-08-2026

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

	Recoñecemento de produtividade (mes de agosto 2026)		
2026/G003/000332	EXPEDIENTE 2026/G003/000305 Juan Ramón López Tojo. Recoñecemento de produtividade (mes de agosto 2026)	316/2026	25-08-2026
2026/G003/000334	EXPEDIENTE 2026/T002/000017. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos. Pacto de Estado contra a violencia de xénero 2026.	317/2026	26-08-2026
2026/G003/000333	EXPEDIENTE 2026/G007/000015. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 27 de agosto de 2026. Convocatoria	318/2026	26-08-2026
2026/G003/000331	EXPEDIENTE 2026/G003/000306. Horas extraordinarias para incluír na nómina do mes de agosto de 2026	319/2026	26-08-2026
2026/G003/000335	EXPEDIENTE 2026/X006/000095. Expedientes sancionadores en materia de vertidos non autorizados ao dominio público hidráulico (EXPTE: CLAVE: DH.D15.116492 e DH.15.117279).	320/2026	26-08-2026
2026/G003/000337	EXPEDIENTE: 2026/G003/000337.	321/2026	28-08-2026
2026/G003/000336	EXPEDIENTE 2026/X999/000064. Aprobación nóminas agosto 2026.	322/2026	28-08-2026
2026/G003/000338	EXPEDIENTE 2026/V006/000013. Emisión tarxeta de accesibilidade e de estacionamento para persoa con discapacidade	323/2026	31-08-2026
2026/G003/000339	EXPEDIENTE 2025/A006/000011. Prevención de conductas adictivas 2025-2028. solicitude de subvención.	324/2026	31-08-2026
2026/G003/000340	EXPEDIENTE 2026/G007/000016. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 8 de setembro de 2026. Convocatoria	325/2026	07-09-2026
2026/G003/000341	EXPEDIENTE 2026/G012/000006. Comisión informativa asuntos xerais. Sesión ordinaria do 10 de setembro de 2026. Convocatoria	326/2026	07-09-2026
2026/G003/000344	EXPEDIENTE 2026/E001/000011. Procedemento de selección auxiliar administrativo/a Obradoiro Dual de Emprego Touro-Boimorto-O Pino. Lista provisional de persoas admitidas e excluídas.	327/2026	08-09-2026
2026/G003/000345	EXPEDIENTE 2026/S002/000064. Solicitude servizo axuda no fogar. Aceptación renuncia por desestimento	328/2026	08-09-2026
2026/G003/000343	EXPEDIENTE 2026/G003/000343. Copago persoas usuarias SAF, agosto.	329/2026	08-09-2026
2026/G003/000342	EXPEDIENTE 2026/G003/000342. Pago liquidación por intervención do Consorcio Contraincendios e Salvamento de A Coruña	330/2026	08-09-2026
2026/G003/000346	EXPEDIENTE 2022/A008/000060. Axudas e subvención para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local (código de procedemento TR351B). Devolución importe da subvención non xustificado.	331/2026	09-09-2026

O Pleno dase por enterado.

9 MOCIÓNS.

Presentouse por parte do voceiro do BNG, Sr. Xoan Louzao unha Moción de urxencia, sendo aprobada a urxencia pola unanimidade dos once Conceleliros que conforman a Corporación referida **MOCIÓN SOBRE A CONTAMINACIÓN DAS AUGAS DA CONTORNA MINEIRA,** que defendeu e expuxo onde consta o seguinte tenor literal

O pasado mes de xullo o concello daba a coñecer os resultados das analíticas das augas na contorna mineira realizadas pola empresa TYSGAL medioambiente, S.L. a requeremento do propio concello.

Os resultados confirman, unha vez máis, a contaminación das augas superficiais tanto na conca do Lañas como na do Brandelos cun ph moi baixo e alto contido en metais pesados incumplindo moitos dos parámetros que son esixidos na lexislación vixente.

Estes resultados poñen en evidencia a inutilidade da planta de tratamento de augas (PTA) que puxo en funcionamento a empresa coa excusa de que sería a solución para a contaminación das augas causada pola anterior explotación mineira, e tamén serviría para a depuración das augas da futura explotación mineira se esta se chegara a poñer en funcionamento.

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Precisamente a Xunta de Galicia concedeulle con data 19/09/2024 á empresa a autorización de verquido das augas procedentes desta PTA condicionada a que cumplira unha serie de parametros e realizara un control continuo das mesmas para garantizar que se cumplian estes condicionantes.

Resulta evidente, á vista dos resultados, que nin a PTA é a solución, nin a empresa cumple os condicionantes esixidos na autorización de verquido, nin a Xunta realiza o debido control para garantir eses condicionantes ou de realizalos non obliga a empresa a revisar o funcionamento da mesma para adaptala aos condicionantes esixidos na autorización

Por todo o exposto o Grupo Municipal do BNG somete a debate e aprobación polo pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. O concello de Touro insta á Xunta de Galicia a que proceda a esixirlle á empresa Cobre San Rafael (CSR) o bo estado das augas da contorna mineira tanto na conca do Lañas como na do Brandelos, para que remate o problema de contaminación de todos estes rios e regatos

2. Ao mesmo tempo instar á Xunta de Galicia a que realice de forma continuada un control exhaustivo do estado da calidade de todas estas augas para comprobar que se cumplen as condicións que se esixen na autorización de verquido e na lexislación vixente referente á calidade das augas e que se fagan públicos estes resultados.

3. Que de non cumplirse o bo estado das augas, que por parte da Xunta de Galicia se obrigue á empresa a que adopte todas as medidas necesarias para alcanzar este bo estado que esixe a lexislación actual e, caso contrario, se actúe contra esta empresa sen descartar abrirlle expediente por contaminación coninuada, a suspensión da autorización de verquido ou incluso a vía xudicial se fora preciso.

Tras a quenda de intervencións procedeuse á

VOTACIÓN

Procédese a votación da referida moción, resultando aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

10 ROGOS E PREGUNTAS.

- O voceiro de Movemento Veciñal, Sr. Roberto Castro pregunta:

1. Vemos que vía decretos reiterados sobre o recoñecemento de horas extraordinarias o traballador titular do posto de condutor de camión de lixo, dende xaneiro ata agosto as horas extraordinarias remuneradas e recoñecidas neses decretos suman máis de catrocentas cincuenta horas. Ten algunha explicación ao respecto?

O Sr. alcalde di que a explicación é moi sinxela e se vostede asistira aos eventos organizados polo Concello veríao practicamente todos os fins de semana prestando os seus servizos e tamén tardes; temos o persoal que temos e a plantilla que temos e hai que elixir entre facer o traballo ou deixalo sen facer, e para facer o traballo hai que pagarlle ás persoas que o fan; estes temas cando haxa configurada unha plantilla con persoal suficiente para realizar estas cousas, loxicamente os custes en horas extraordinarias serían moi poucos; estánselle pagando a máis traballadores, non só a el, cada vez que fan servizos fóra do seu horario e considero que son uns cartos moi ben empregados porque os servizos que prestan son indispensables para os veciños, porque non temos capacidade de plantilla para afrontar todos os retos que se derivan dos servizos e actuacións municipais. Ademais de compensalo por facer horas un sábado ou un domingo, todos estamos de acordo que moita xente prefiriría non ter que facer traballos os fins de semana, porque todo o mundo ten dereito a un descanso semanal, se hai persoas que están dispostas a privarse diso é unha sorte que temos e o mínimo é aboarlle eses servizos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

2. O Sr. Roberto Castro, di que ese argumento choca coa seguinte cuestión, traballadores municipais do PEL acollidos a unha subvención da Deputación baixo unha condición de prestación de servizos esenciais do Concello e están executando traballos no Cuartel da Garda Civil dende hai unha semana polo menos, instalacións que non son de titularidade municipal, compartimos a necesidade de manter as instalacións públicas, pero cada administración titular terá que facer o mantemento das súas. Por un lado explicaba que non hai traballadores e por outra adica traballadores incumprindo o programa da subvencións da Deputación para o cal foron contratados estes traballadores e os destina a un inmoble que non é de titularidade municipal e sobre o que o Concello non ten competencia ningunha, como explica isto?

O Sr. alcalde di que todos os que estamos aquí estamos de acordo en que se manteña o Cuartel da Garda Civil de Touro e anticípolles que hai unha proposta para pechar este posto auxiliar do Cuartel de Arca. Dende a comandancia lle pediron unha axuda para obras de pintado e adecentamento do Cuartel, so estamos a poñer a man de obra, os materiais ponos a Garda Civil.

Igual que contribuímos na súa época de alcalde tamén na festa do Pilar, consideramos esta actuación como un argumento para pedir á Dirección Xeral da Garda Civil, a Comandancia e ao Ministerio do Interior que se manteña o Cuartel de Touro como posto auxiliar ao de Arca, imos lle ofertar a cambio un convenio de mantemento das instalacións, se iso axuda a que o Cuartel de Touro siga, considero que é unha inversión ben realizada.

O Sr. Roberto castro di que agora que adianta iso da proposta de peche do Cuartel é algo que sobrevoa dende hai moito tempo, nos entendemos que hai que incidir noutros estamentos, de feito cando estabamos no goberno eu tiven tres reunións coa Subdelegada do Goberno nas que se lle expuxo e xustificou a necesidade de manter o cuartel, e se nos trasladou o mantemento do cuartel e así foi, pero nunca en ningún caso me trasladou esas necesidade de facer esas chapuzas, eses pintados, a problemática e as condicións para que se manteña son outras, condicións de utilidade pública, se cadra agora o criterio cambiou.

O Sr. alcalde di que esas chapuzillas levas facendo o Concello todos os anos, creo que incluso durante o seu mandato.

En canto ao peche do Cuartel, a semana pasada tiven unha reunión co Comandancia de Santiago e trasladoume esa noticia especificamente, previamente a decisión que tomaramos e que xa falaramos co cabo da Garda Civil, polo que íamos suspender os traballos se ían pechar o Posto, tras unha reunión con eles outra vez dixeron que se ía estudar, o noso compromiso é un argumento para que mediante convenio se axude ao mantemento das instalacións, sempre e cando o Cuartel se manteña como posto auxiliar.

3. É un asunto reiterado, preguntando se o Concello ten unha canceira municipal na Muíña? Porque un operario municipal, en concreto, ese traballador que vostede lle recoñeceu 451 horas extras de momento, está alí todos os día, pola maña, tarde, fin de semana, non sei se esas horas tamén computan nesas horas extras. Ten coñecemento desa situación?

O Sr. alcalde di que vostede pode facer a demagoxia que queira on ese tema, se vostede pon en duda a adicación dese traballador, pois é que non quere ver a realidade, que pasa pola Muíña e aproveita para entrar na súa propiedade a facer algún traballo, eu considero que o ten máis que merecido, cando está adicando tardes e fins de semana, non me parece serio este asunto.

- O Sr. Jesús Martínez, Partido Galego fai un rogo sobre o polideportivo da Muíña para que se arranxen os alambres e na fosa séptica pide que vai a ver como quedou aquelo.

O Sr. alcalde di que lle constan ambas cuestións.

- O voceiro do BNG, Sr. Xoan Louzao formula as seguintes preguntas:

1. Se seguen a mercar camións cisternas de auga, neste momento e se o Convenio con Boqueixón segue.

O Sr. alcalde resposta que no mes de setembro so na pasada pasada un día por unha avaría que houbo por unha obstrución dos filtros do bombeo. E o Convenio segue, ten vixencia dun ano,e hai que recoñecer publicamente que nos está salvando porque está facendo unha aportación diaria de 200 m3 de auga diarios que xunto cos outros aportes extraordinarios que facemos nos, nos permite sobrevivir.

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

2. Pregunta cos problemas que houbo no Centro de Saúde cos médicos e as citas, a pregunta é como está esa situación, que xestións fixo o concello, como se vai solucionar este problema que se hai vacacións ou unha baixa, case se prestan servizos mínimos soamente?

O Sr. alcalde di que é unha problema estrutural do Sergas, eu plantei o problema na Xerencia do Sergas, son conscientes do problema pero non dan solución, podemos insistir por escrito, alegan falla de persoal para cubrir esas baixas e non me deron ningunha solución, seguiremos insistindo no tema.

3. Sobre os expedientes sancionadores de Augas de Galicia, un por verquidos de augas na EDAR e outra de augas residuais no rego Barral, o primeiro saldouse cunha sanción leve de 2.500,00 euros e o segundo por 2.000,00 € que logo por prono pago quedaron en 2.000,00 € e 1.200,00 respectivamente. A que se deberon estes expedientes, que pasou, a que responden e porque sucederon?

O tema da EDAR foi porque se realizaron unhas obras de reposición de maquinaria na que se tiña autorización de Augas de Galicia polo tempo de duración da obra, por circunstancias da empresa que o fixo que foi a concesionaria Espina e Delfín excedeuse algo o límite da autorización, durou a obra máis do que estaba previsto, o vertido produciuse é real, houbo unha inspección detectaron o verquido e decidimos aceptalo porque foi a realidade. En canto ao de Rego Barral ten que ver co anterior, durante o tempo que se facían as obras, un día ademais dos que chovía bastante, na entrada da EDAR mandouse directamente ao rio, e as augas de arrastre levaron o verquido ao río, din o rego Barral porque é o que baixa a esa zona.

O Sr. Louzao di que logo o próximo día falaremos da empresa Espina y Delfín.

O Sr. alcalde di que está traballando en instalcións municipais, hai un prazo excedido, axústanse os prezos, urximos a empresa para que fixese a obra, ás veces hai que facer un pouco de todo, pareceunos o máis razoable aceptar o pronto pago das sancións, tampouco eran dun volume excesivo, e zanxar o tema e aprender cara o futuro e atalos moi ben cando se contrata e cando se executan as obras.

*** As deliberacións correspondentes aos puntos tratados neste Pleno atópanse recollidos no arquivo da acta multimedia gravada e que consta no correspondente expediente electrónico da sesión, publicada na web municipal e dispoñible publicamente na seguinte URL, xunto coa acta en formato pdf:**

https://www.concellodetouro.com/index.php/gl/concello/plenos/videos

https://www.youtube.com/watch?v=PjJXJV4YIaM

*** As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000010 e identificado pola pegada dixital: bc2c37562be5291734ddc06988333e467e38e52b426fab6bcd9d678cfef69d53**

Minutaxe

40.20 EXPEDIENTE 2026/G010/000008. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 9 de xullo de 2026. Aprobación da acta da sesión.

40.30 EXPEDIENTE 2026/G010/000009. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria do 3 de agosto de 2026. Aprobación da acta da sesión.

40.42 EXPEDIENTE 2026/A008/000033. POS+ADICIONAL 2/2026. Aprobación da solicitude de participación.

59.50 EXPEDIENTE 2026/C006/000002. Proposta de adhesión ao sistema de adquisición centralizada da Deputación da Coruña.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

1.01.19 EXPEDIENTE 2026/E004/000001. Modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Touro. Contestación alegacións.

1.32.10 EXPEDIENTE 2026/T002/000018. Modificación de créditos segunda baixo a modalidade de suplemento de crédito. Proposta de aprobación.

1.49.27 EXPEDIENTE 2026/X999/000055. Reintegro cantidades en concepto de retribucións derivadas do exercicio do cargo de Alcalde do Concello de Touro. Proposta incoación expediente.

2.09.37 EXPEDIENTE 2026/G006/000217. Decretos da Alcaldía ditados entre o 6 de xullo e o 9 de setembro de 2026.

2.09. 48 Moción do Grupo Municipal do BNG sobre a contaminación das augas da contorna mineira.

2.16.06 Rogos e preguntas.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 22.53 horas do 15 de setembro de 2026.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

CVD: pbSIfg657+H/yvFwPYF6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/